



O desenvolvemento: de Paulo VI a Francisco

Gonzalo Rodríguez César

«A Igrexa propón o que ela posúe como propio:
unha visión global do home e da humanidade?»
(*Paulo VI*, PP 13)

1.- Introducción

O Vaticano II lémbra-nos a todos que o maior pecado do noso mundo son as desigualdades, sexan do carácter que sexan. «Engadiu que esas desigualdades teñen unha raíz económica»¹. González Faus resalta que se Cristo foi definido como «o home para os demais», o capitalismo do século XXI parece estruturarse ao redor da inversión deste título cristolóxico: «os demais para min». Así, insírenos a todos nunha estrutura anticristiá, apta para sacar o peor de nós².

O obxectivo central desta achega, por tanto, céntrase en destacar que non se pode reducir o desenvolvemento á súa dimensión económica, senón que o fin é integrar a dimensión económica e a dimensión social para que alcance a todos, pois todos somos verdadeiramente responsables de todos. Tomamos como referencia inicial a situación contextual do posconcilio. Onde resaltamos tres trazos básicos que marcarán o pensamento social dos Papas desde a época de Paulo VI ata o presente de Francisco.

1 Cf. GONZÁLEZ FAUS, J. I., *¿El capital contra el siglo XXI? Comentario teológico al libro de Thomas Piketty*, Santander 2015, 101.

2 Cf. GONZÁLEZ FAUS, J. I., *¿El capital contra el siglo XXI?*, 103.